

■ MARZO-ABRIL 2022

Revista Galega de Información Literaria - Ano 20 N.º 115

PVP 3 €

Chegan os libros sobre as arestas controvertidas da maternidade e o suicidio cos que Berta Dávila gañou o Xerais e o Jules Verne

Biblos publica a obra literaria en todos os xéneros de Ricardo Carvalho Calero



Homenaxe a Carvalho Calero

Cun atraso absolutamente inxustificable, ao cabo foi o 2020 o ano en que a Real Academia Galega tomou o acordo de dedicar o Día das Letras Galegas a Ricardo Carvalho Calero. Máis un fado negro en forma de pandemia seguiu negándolle ao ilustre intelectual galeguista unha celebración á altura dos seus merecementos. Non só foron mínimos os actos públicos na súa memoria, senón que nas publicacións que adoitan facerse sobre o homenaxeado bótase en falla, precisamente, a reedición do conxunto da súa obra.

Biblos, que ten reducido moito o seu traballo no eido editorial, séntese especialmente agasallado pola oportunidade de sacar á luz un volume no que se recolle o conxunto da súa obra literaria de creación en todos os xéneros.

É un esforzo especialmente gratificante só posible polo extraordinario labor dos profesores María Pilar García Negro e Manuel Castelao Mexuto, e grazas tamén ao apoio do Parlamento Galego e da Dirección Xeral de Política Lingüística.

Carmela González
Directora



Biblos Clube de Lectores, S. L.

Quintá N.º 8 - Mandaio
15391 Cesuras - A Coruña

Teléfono: 981 777 207 Fax: 981 790 039

www.biblosclube.com

email: subscritores@biblosclube.com



Depósito Legal: C 285-03
ISSN: 1697-7440

A Portada

Os heráldicos dirían desta portada algo así como: "En campo de gules carga unha silueta en prata na punta, con sinatura vertical que atravesa o abismo e o centro do xefe". Pero, como non temos a menor intención de seguir os cánones da nobreza, ou saremos dicir que a pretensión era simplemente a de lle dar a Ricardo Carvalho Calero unha presenza maxestosa no lugar que lle corresponde na cultura galega.



Por virtude da publicación desta obra, a poesía, o teatro e a narrativa completas de Carvalho Calero volven estar accesíbeis para o pobo a que el entregou a súa vida. Biblos orgúllase de ter contribuído a tornar iso posíbel, porque *Ricardo Carvalho Calero. Obra literaria: poesía, teatro e narrativa* trae ao mundo da edición en galego un contributo fundamental para podermos deseñar o retrato dun escritor do cal admiran a versatilidade e o esmero con que abordou cada peza, cada xénero, cada linguaxe artística, até construír unha obra da máxima elevación estética e que agora, ao ser considerada globalmente, permite percibir en toda a súa significación o lugar impar que Carvalho Calero ocupa na literatura e na cultura galega do S. XX.



Manuel Castelao Mexuto e María Pilar García Negro esclara

"A poesía, o teatro e a estar accesíbeis para

No diálogo a seguir, Manuel Castelao Mexuto e María Pilar García Negro, que prepararon e cooidaron da edición, esclarecen a súa xénese e as súas características.

MCM.- Como impulsora e mai primeira deste proxecto, Pilar, tócame explicar o que o motivou.

PGN.- Na orixe estivo un paradoxo. Conforme foi decorrendo o ano en que estivo dedicado o Día das Letras Galegas a Carvalho Calero (2020), evidenciouse unha grave disfunción: saíron do prelo e ficaron dispoñíbeis no mercado máis obras sobre o noso autor que do noso autor. Foi reeditada a súa novela principal; tamén, a primeira; algunhas escolmas de poesía; algún conto; a historia da literatura... Mais o conxunto da súa obra literaria de creación só estaba até agora ao alcance de quen posúe as obras do escritor por idade, por termos sido alumnos del, por interese e devoción pola súa obra.

MCM.- En 2021 falaches comigo para requirir a miña participación no proxecto, calculo que porque, alén de nos coñecermos desde hai moitísimos anos e partillarmos a condición de estudosos devotos da obra de Carvalho, sabías que dispuña da competencia e familiaridade necesaria nos procesos técnicos que permitirían recuperar os textos orixinais en condicións. Nese mesmo día, sentados á beira dun café, xa me falaches de procurarmos o apoio do Parlamento.

PGN.- E a razón era clara. En 1997, a profesora María Ignacia Ramos, viúva de Carvalho, entregou ao Parlamento a biblioteca e o arquivo documental e epistolar do escritor, que así ficaron dispoñíbeis para o seu coñecemento, investigación e divulgación por parte dos interesados na súa obra ou no seu tempo histórico e deron pé a varias publicacións. No ano do Día das Letras, o Parlamento editou ade-

mais o volume *Ricardo Carvalho Calero: discursos e leccións*, que eu mesma preparei, e dispuxo a instalación dunha exposición sobre a súa vida e mais dunha mostra bibliográfica, co seu caderno explicativo, para así render tributo de admiración activa a quen dedicou toda a súa vida ao traballo de representación e de dignificación cultural da Galiza.

MCM.- Como era de esperar, o Parlamento, na persoa do seu presidente, Miguel Santalices, acolleu con todo o interese a iniciativa e mesmo suxeriu alargar os contactos a Valentín García, Director Xeral de Política Lingüística, en quen tamén encontramos unha actitude de plena colaboración. Á partida, contemplabamos dúas hipóteses: a desexábel sería reunir toda a obra publicada en libros por Carvalho (unha obra completa requiriría anos de procura e tería unhas dimensións inexequíbeis); a mínima era compilar a poesía, o teatro e a narrativa completas. Esta foi a que se materializou, grazas ao outro pé indispensable na empreitada: unha editorial que ama os libros, como o seu nome indica, Biblos. Veu tamén a cadrar unha efeméride oportuna.

PGN.- Así é: Carvalho Calero tomou posesión como catedrático de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela no 25 de marzo de 1972. En 2022, cumprense, por tanto, cincuenta anos da inauguración da primeira cátedra, por oposición, da universidade galega, nas materias de lingua e de literatura. A presentación deste libro non só fai así xustiza á persoa e á obra do noso homenaxeado; celebra tamén un acontecemento histórico.



recen a xénese da obra *Ricardo Carvalho Calero. Obra literaria: poesía, teatro e narrativa*

narrativa de Carvalho Calero volven o pobo a que entregou a súa vida"

MCM.– Como ti tes lembrado varias veces, a xubilación da Cátedra en 1980 marcou unha inflexión decisiva no decorrer intelectual de Carvalho.

PGN.– É entón cando se entrega a organizar e editar a súa propia obra literaria, seguindo os criterios de selección e reprodución que xulgou oportunos. De aí saíron, nada menos!, dúas colectáneas de poesía, oito pezas de teatro, a narrativa completa, unha novela e dous poemarios novos de extraordinaria calidade, para alén doutras pezas de menor volume e, por suposto, de novas contribucións á historia e á crítica da literatura, así como ao estudo da lingua galega e a sociolingüística. Na derradeira década da vida de Carvalho Calero, renace un escritor das letras galegas a que el tanto serviu.

MCM.– Centrémonos agora no que foi a preparación desta poesía, teatro e narrativa completas. Determinamos que o noso traballo debía estar rexido polo máis inabalábel respecto á vontade autoral.

PGN.– É fácil afirmalo, mais foi moito máis difícil levalo á práctica.

MCM.– Con certeza, non apenas porque unha publicación sen grallas non existe, por moito coidada que sexa, mais porque Carvalho preservou diferentes conxuntos de convencións nos diferentes volumes dados ao prelo durante ese último decenio da súa vida.

PGN.– Era obrigado considerarmos a hipótese dunha unificación de acordo co último conxunto de convencións de lingua e grafía que el utilizou, as que representaba, por exemplo, *Reticências*...

MCM.– Era, mais tivemos en conta que o propio Carvalho se manifestou con moita enerxía contra calquera tentativa de o corrixir, a el (e a calquera escritor), como se fose un escolar, e, na introdución do volume, citamos varios testemuños dunha contundencia invulgar. Ora, iso non resolvía, nin moito menos, todas as dificultades de edición dos textos. Aínda ben que, en moitos casos,

encontramos no legado conservado no Parlamento textos dactilografados que permitiron resolver as dúbidas de que deixamos constancia en notas de rodapé. O que quixemos evitar por todos os medios foi traizoar Carvalho por querermos ser máis carvalhistas que el propio e introducirmos regularidades onde non as había.

PGN.– Acho oportuno esclarecemos que non se trataba de facer unha edición crítica, porque, para a facer, serían precisos varios volumes como o agora publicado.

MCM.– Con todo, non é menos oportuno acrecentar que cremos non ter deixado ningún problema de fixación do texto sen resolver ou, no mínimo, sen propor algunha solución razoábel. Tamén querría subliñar que a pluralidade de convencións empregadas por Carvalho vai da man da súa consciencia de que o proceso de fixación normativa do idioma era un proceso longo, que de ningunha maneira podía ser declarado pontificalmente resolvido ad aeternum en 1982.

PGN.– Carvalho transmite moito ben a imaxe dunha lingua en construción e, da nosa parte, tratábase de facer un volume lexíbel, tanto do punto de vista do texto canto do deseño, e até portátil. A razón de dispormos primeiro a poesía, despois o teatro e, no final, a narrativa obedece a que esa foi a orde en que Carvalho se foi desenvolvendo como escritor.

MCM.– Fica á escolla do lector decidir por cal xénero ou obra quere comezar, mais, á vista da riqueza e calidade da obra que contén, é inevitábel imaxinarmos a dimensión que a poesía, o teatro e a narrativa de Carvalho podería

ter atinxido se el non se vise forzado polas circunstancias históricas que viviu a dedicar un inmenso e plural esforzo a facer tantas cousas necesarias nun país e nunha cultura que tiña carencias en todas as áreas.

PGN.– A respecto diso, é de xustiza lembrarmos o constante apoio que lle deu a familia para el poder realizar tan inmenso traballo intelectual e manifestar a nosa gratitude ás fillas e herdeiras de Carvalho, Margarida Carballo Ramos e María Victoria Carballo-Calero Ramos, pola súa xenerosidade na cesión dos dereitos para a edición. No todo, trátase de dar o valor e o mérito que ten á obra dun grande da Galiza como Carvalho Calero e facelo non apenas coa recordación de efemérides de alcance limitado, senón co ben máis prezado dunha cultura letrada: poder ler (e non só nomear ou enxalzar) a obra dos nosos escritores.

MCM.– Obviamente, a maior homenaxe que podemos render a un escritor é ben sinxela: lelo. Tórnase moito significativo que non haxa maneira de "monumentalizar" Carvalho, isto é, reduci-lo a estatua inerte e confortábel. Continúa a inquietarnos e a formular as cuestións abertas con que a Galiza, para poder ser, ten que se confrontar.

PGN.– Coido que non debemos concluír esta conversa sen salientarmos que a posibilidade de contemplarmos, reunida, toda a poesía, o teatro e a narrativa de Carvalho Calero muda a imaxe da literatura galega contemporánea nun tempo decisivo, o que coñeceu tres formas políticas consecutivas ao longo do século XX e unha guerra que o quebrou todo, tamén a biografía do noso escritor.



Manuel Castelao Mexuto e María Pilar García Negro (Eds.)

Ricardo Carvalho Calero

Obra literaria: poesía, teatro e narrativa

Biblos 17 x 24 cm Cartonado 670 páxinas

ISBN: 978-84-15086-54-3
25 €

Berta Dávila

Berta Dávila configura un autorretrato incómodo sobre o que significa o amor maternal, unha historia que afonda nas arestas controvertidas da maternidade e confronta o relato edulcorado. Pero, por enriba de todo, a autora constrúe unha novela sobre os vínculos que nos atrapan e nos sosteñen, sobre se iso que somos é tamén o que queremos ser.

OUTROS TÍTULOS

Narrativa

Bailarei sobre a túa tumba

Biblos Cartonado
16,5 x 22 cm 94 páxinas
ISBN: 978-84-936607-4-1
14 €

Bailaré sobre tu tumba

Biblos Cartonado
16,5 x 22 cm 94 páxinas
ISBN: 978-84-936607-5-8
14 €

A arte do fracaso

Barbantesa Rústica
14 x 20,5 cm 126 páxinas
ISBN: 978-84-937330-7-0
12 €

O derradeiro libro de Emma Olsen

Galaxia Rústica
14 x 21 cm 124 páxinas
ISBN: 978-84-9865-507-0
15,50 €

Carrusel

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-9151-404-6
14,70 €

Illa decepción

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 148 páxinas
ISBN: 978-84-9151-559-3
15 €

Xuvenil

A pel do mundo

Galaxia Rústica
13 x 20 cm 76 páxinas
ISBN: 978-84-9151-146-5
9,80 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Un elefante na sala de estar

Xerais Rústica
13 x 21 cm 140 páxinas
ISBN: 978-84-1110-086-1
12,95 €

Infantil

Berta Dávila e Inma Doval

A fuxida

Biblos Cartonado
23 x 22 cm 40 páxinas
ISBN: 978-84-15086-43-7
17 €


Poesía

Raíz da fenda

Xerais Rústica
14,5 x 22,5 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-9914-527-3
15,50 €

Corpo Baleiro


Espiral Maior Rústica
21 x 14 cm 69 páxinas
ISBN: 978-84-96475-65-6
14 €



Os seres queridos

Cinco anos despois de ser nai, a protagonista desta novela atópase inesperadamente na disxuntiva de decidir se quere volver selo ou non. O recordo doloroso do primeiro ano de crianza do seu fillo devólvelle un reflexo da experiencia que non resulta doado encaixar, atravesado pola culpa e o arrepentimento. Desde o relato das derradeiras semanas do ano, onde as reunións familiares se mesturan con acontecementos repentinos, a narradora fala da familia e da parella, dos lazos que non se escollen, pero tamén do loito, da amizade e da capacidade da literatura para recoller aquilo ao que nos custa poñerlle nome.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 136 páxinas
ISBN: 978-84-1110-030-4
16,10 €




Xesús Trashorras Nogueira

Paseando canguros

"Os relatos que atoparedes ao longo destas páxinas –di o autor– tratan de personaxes ou sucesos, entre a realidade e a ficción, case sempre cunha carga humorística salientable, onde directa ou indirectamente vou deixando todo, das miñas filias e fobias".

do ao descuberto parte da miña vida, pero sobre todo, das miñas filias e fobias".

Medulia Rústica
14 x 21 cm 242 páxinas
ISBN: 978-84-124948-1-5
17 €




Xavier Queipo

Final Feliz

Colección de relatos en carne viva. Unha manda de historias para despertar conciencias ou establecer a ponte entre o real e o imaxinario, entre o que non se conta e o que agroma do subconsciente. Historias impregnadas de sensacións oníricas, que asentán nas lecturas, na experiencia vivida, na observación da natureza,

za, e que conforman un novo elo no seu universo literario.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 128 páxinas
ISBN: 978-84-1110-050-2
16,10 €



Cruz Martínez Vilas

Uns aventureiros muito brutos

Relato de aventuras cun compoñente teatral que se plasma nos diálogos entre personaxes. O texto vén acompañado de imaxes realizadas pola

propia autora e que complementan o volume.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 66 páxinas
ISBN: 978-84-124948-9-1
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €


Luís Rei Núñez



Matarán a Reboiras

No verán de 1975, no Ferrol que tres anos atrás vivira tráficas xornadas de insurrección obreira, Moncho Reboiras cae abatido logo dunha asañada persecución da policía franquista. Décadas despois, un comité de emerxencia impulsa a loita contra unha agresión ecolóxica produto da arbitrariedade corrupta e a cobiça. Xa a comezos do século actual, o reporteiro gráfico Nardo Negro documenta eses acontecementos desde os días vertixinosos do Nunca Máis e do Non á Guerra, nun dos momentos de maior manipulación política da Televisión de Galicia. Ao tempo, Marabillas Párraga, unha singular monxa galeguista e de esquerdas, narra todo para nós con precisión e claridade. En *Matarán a Reboiras*, Luís Rei Núñez déixase guiar polos seus protagonistas e propón unha novela na que mandan as vidas e os tempos, sempre incertos.

Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 480 páxinas
ISBN: 978-84-1110-076-2
22,75 €



Tres razóns para ler *Matarán a Reboiras* a dicir do seu autor

- Para emendar con episodios galegos, irrefutables e/ou controvertidos, o *Cuéntame* descafeinado da serie de televisión, ficcionando a nosa historia con toda a súa cafeína... e mesmo con gotas (de augardente).
- Para indagar nos ideais de persoas, con DNI e da máis estrita invención, que comparten a necesidade de mellorar o mundo e as súas dialécticas acolléndose a gramáticas de impugnación diferenciadas, coma os propios lectores.
- Para revivir, desde o relato que fai para nós unha relixiosa progresista, un longo tempo de loita obreira, nacionalista, verde e pacifista (ata o Nunca Máis e o Non á guerra), que está na raíz deste tempo noso.


Arantza Portabales



Sobrevivindo

Val Valdés presentouse no ano 2000 a un programa de telerrealidade, do que saíu vencedora e rica. A partir dese momento, convértese nunha empresaria da que apenas se coñece a súa vida privada. Alternando pasado e presente, *Sobrevivindo* tece unha trama de intriga arredor da súa protagonista: unha muller que loita contra si mesma e contra o resto do mundo. Sobre o pano de fondo dunha miríade de personaxes secundarios, a novela vai deixando ao descuberto a noiva adolescente, a alumna, a esposa, a viúva, a nora, a nai, a xefa, a reclusa e a empresaria de éxito. Val Valdés descomponse en múltiples pezas que teñen detrás un misterio arrepiente. Trátase dunha edición revisada do título co que Arantza Portabales acadou en 2015 o Premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia. "A nova versión case duplica en extensión a antiga. Está modificada de arriba abaixo, aínda que mantén o mesmo tipo de estrutura e tamén conserva o seu espírito", segundo explica a autora.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 222 páxinas
ISBN: 978-84-9151-788-7
16,05 €



Xosé Monteagudo Eternity

O título alude ao lugar en Internet onde a memoria virtual das persoas se ha conservar perenne e indeleble, tal e como a lembran os seus achegados, grazas ao proxecto que poñen en marcha catro enxeñeiros informáticos, pero que precisan de alguén máis que domine varias linguas e saiba redactar. E esa persoa é a protagonista da novela, quen non sospeita que a historia das vidas dos demais ha levala a descubrir as orixes da súa propia e agochada historia.


Galaxia Rústica
13,5 x 21 200 páxinas
ISBN: 978-84-9151-769-6
15,50 €



Alberto Lema Pazo de inverno

Na cidade nortea de Galicia chamada Faro, a Helena, a nova alcaldesa, non lle chega con obter a maioría nunhas eleccións. Tampouco é suficiente manter os compañeiros afastados da doenza infantil do esquerdismo. Cómpre gorentar o fracaso para ter a certeza de que a grandeza das ilusións nunca se perde. Estamos ante o mapa dunha paisaxe social, das arelas, conflitos e intereses dunha cidade.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 272 páxinas
ISBN: 978-84-9151-768-9
18,05 €



Celestino Pérez Recarey Andainas

Relatos breves clasificados en tres esferas. A primeira está relacionada co amor. A segunda, recompila narracións que teñen a ver coa docencia que o autor impartiu ao longo dunha extensa etapa. A terceira esfera reúne historias que tratan diversos temas, dende os movementos migratorios aos relacionados coa vida e a morte.

Toxosoutos Rústica
13 x 20 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-124910-1-2
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Pemón Bouzas


Cando os lobos escoitaban a radio

Once anos despois da súa estrea mundial, en 1950 chegaba aos cines españois a película "Foise co vento". A sociedade española, esfarelada polos desastres da guerra, pola pobreza e pola fame, andaba na procura da supervivencia na nova normalidade implantada polos vencedores, once anos despois de rematada a contenda. Porén, movéndose por un territorio indómito no que a paisaxe abraía, un territorio que ocupaba boa parte da comarca do Bierzo, das montañas de Lugo e Ourense e, particularmente, a comarca de La Cabrera, un grupo de homes e unha muller, cualificados como bandleiros, tiñan posto prezo ás súas cabezas, vivos ou mortos, con recompensas que poderían arranxar as vidas de delatores ou traidores. Pemón Bouzas desprega a súa mellor escrita para compartir nunha historia absolutamente conmovedora.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 272 páxinas

ISBN: 978-84-1110-091-5

17,05 €



Jorge Emilio Bóveda


Anoitece en Vulgaria

Nun futuro próximo no que as humanidadeas están mortas, Alexandre Ossorio, profesor de linguas xubilado de avanzada idade, vive un retiro anódino. Cando pasa as vacacións de verán en Portogris, unha das vilas costeiras na que adoita languidecer, afronta o aburrimiento embarcándose nunha excursión marítima desas nas que regalan mexillóns e viño branco. Unha pequena viaxe cun destino moi concreto: a illa Galana. En illa Galana nada é o que semella: amosa un panorama estraño no que os seus habitantes viven entre a esperanza, a claustrofobia e o terrible. Un cadro no que a peza principal son uns seres chamados "os cultivadores", considerados monos de feira ou pezas dun museo dos horrores, pero que en realidade son moito máis.

Toxosouts Rústica 13 x 20 cm 246 páxinas

ISBN: 978-84-124910-3-6

15 €



Navia Gaifeiros

A néboa que axexa tras a máscara

Escolma de relatos sobre o sexo atendendo a algúns dos seus innumerables matices e usos (ou abusos). Así hai relatos amables, historias que falan de primeiras veces, de relacións estables e encontros. De erotismo e desexo. De desconexión. Tamén do sexo como exercicio de poder e desprezo onde o patriarcado impón a súa cultura e as súas formas de actuar.

Medulia Rústica 14 x 21 cm 98 páxinas

ISBN: 978-84-124948-2-2

14,90 €



VV. AA.


O libro da música

As notas musicais son sete. Sete son tamén as autoras e autores dos textos que reúne esta obra que investiga sobre a música. Cada unha e cada un destes intérpretes "sinfonían palabras para componse un pentagrama". Son: An Alfaya, Beatriz Maceda, Fernando Fernández Rego, Lois Alcayde Dans, Raquel Castro, Santiago Lopo e Tamara Andrés.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 140 páxinas

ISBN: 978-84-9151-756-6

15 €



Manuel Iglesias Turnes


Os soños de Miguel

As transformacións no mundo rural galego na década dos anos setenta do pasado século e a historia de Miguel, un mozo orfo de nai criado polos avós baixo unha disciplina férrea baseada na autoridade propia da ditadura franquista, son o pano de fondo do relato. Nunca deixa de soñar cun proxecto de vida que lle permita habitar a aldea dignamente. Nin o desenganho amoroso, nin o tráxico acontecemento que lle cambia a vida conseguirán afastalo do camiño.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 264 páxinas

ISBN: 978-84-1110-049-6

17,57 €



Rodrigo Costoya


Misarela

Despois de *Portosanto*, o autor (Torrelavega, 1977) segue desvelando os segredos ocultos da historia de Galicia e mergúllase nun dos misterios máis esgazadores do final da Idade Media. Xa só as tempestades visitan os cumios do pequeno eremitorio da Misarela, ao que chega un perigoso cargamento que foxe dun destino tráxico. Desde ese intre, a paz dos cenobitas vira en convulsa e incerta. Xa nada lles será alleo. Avecíñanse novos tempos. Chega a invención do artiluxio máis revolucionario da Historia. Tamén o descubrimento dun novo mundo, alén do mar oceano.

Galaxia Rústica 13,5 x 21 cm 1076 páxinas

ISBN: 978-84-9151-760-3

20,85 €



Antía Yáñez

Non penses nun elefante rosa


Cun sentido do humor e abordando a fondo o tema da saúde mental, Antía Yáñez relata a historia de Aurora, unha "millennial" autoe-sexistente e perfeccionista que vive a súa vida coma unha voraxine que non é capaz de controlar. As páxinas de *Non penses nun elefante rosa* son divertidas, atrevidas, profundas, politicamente incorrectas e vertixinosas.

Xerais Rústica 15,5 x 23 cm 304 páxinas

ISBN: 978-84-1110-069-4

17,57 €

Novos títulos da Biblioteca Nós




Xosé Ramón Quintana e Marcos Valcárcel

Ramón Otero Pedrayo Vida, obra e pensamento

Biografía que busca ofrecer unha visión global da figura de Otero Pedrayo dende unha perspectiva integradora dos aspectos literarios, ideolóxicos e políticos do intelectual ourensán, un dos máis singulares de Galicia.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 310 páxinas
ISBN: 978-84-9151-775-7
22,80 €




Ramón Otero Pedrayo

Os camiños da vida

Unha das obras máis representativas da narrativa de Otero Pedrayo. De par de retratar a historia de dúas familias fidalgas do século XIX, os Doncos e os Puga, describe tamén de forma nostálgica un tempo e unha sociedade na que a fidalguía rural gobernadora do mundo agrario se desartella e chega a economía capitalista, personificada na burguesía comercial, coa desamortización e o nacemento das ideas nacionalistas como pano de fondo. En edición de Xesús Domínguez Dono.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 306 páxinas
ISBN: 978-84-9151-776-4
22,80 €



Álvaro de las Casas
Obra dramática

Dezaseis pezas de variada feitura e temática, mais con dous motivos recorrentes: a decadencia moral, económica, social e política da vella fidalguía e o proceso de desgaiteguización da sociedade que se manifestaba no abandono da lingua e das tradicións propias. Prólogo de Manuel F. Vieites.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 306 páxinas
ISBN: 978-84-9151-778-8
22,80 €



Alén / Servidume da treva

Dous dos poemarios máis significativos dun dos autores máis profundos da chamada xeración do 22, do 25 ou das Vangardas. Presentan unha poesía bebedora da escola imaxinista de Amado Carballo. *Servidume da treva* (1965) foi o derradeiro libro de Augusto Casas que Manuel María cualificou como melancólico e apaixonado. Abre a edición unha introdución de Miño Villar.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 306 páxinas
ISBN: 978-84-9151-779-5
15,20 €




Xohán Vicente Viqueira
Ensaio sobre Galicia

Textos escritos nos anos de docencia do autor no instituto da Coruña. Presentan as súas reflexións sobre Galicia como nación con "alma" de seu, expresión que utiliza para referirse ao "espírito do pobo", e que en termos políticos se concreta na meta de acadar un federalismo presidido polos ideais de liberdade, democracia e prosperidade. Con liñar de Narciso de Gabriel.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 306 páxinas
ISBN: 978-84-9151-777-1
15,20 €


TEATRO



Nones Araújo
Imaxes roubadas

Relatos inspirados por obras de arte impresionables, e, a través delas e da palabra, conducen ao encontro co desamor, co abandono, co desprezo ao talento feminino, coas arelas das nais solteiras e das persoas diferentes... As destes contos son palabras roubadas ás imaxes que nos mergullan na pobreza infantil, nos excesos dos ricos infelices, na crise, no incivismo, no fanatismo relixioso, no erotismo e no humor. As segundas oportunidades, que inzan de esperanza os amores serodios tamén forman parte deste fermoso catálogo literario.


Xerais Rústica
15,5 x 23 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-1110-068-7
17,05 €



Paula Carballeira
As alumnas

Elvira Fontao e Rosa Lires, antigas alumnas de María Barbeito, volven atoparse na data da morte da mestra, no ano 1970. Xa son mulleres. Atrás queda a infancia, o mundo que lles abriu a mestra antes de que o Comité de Depuración a afastase do seu traballo na escola. Así, a memoria, as lembranzas que se van desenvolvendo neste xogo de persoas adultas que é o teatro, levan a descubrir como as decisións que se tomaron, e o medo e a rebeldía, marcan o destino.


Galaxia Rústica 100 páxinas
ISBN 978-84-9151-798-6
11,50 €
Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



William Shakespeare
Soño dunha noite de verán

A *Midsummer Night's Dream* publicouse por primeira vez en 1600. Antes desta primeira impresión xa aparece citada, xunto con outras obras de Shakespeare, no libro de Francis Meres, *Palladia Tamis*, de 1598. Probablemente foi escrita e estreada arredor de 1595. Na portada da primeira edición di expresamente que a obra foi representada publicamente repetidas veces. En 1619 apareceu unha segunda edición, falsamente datada en 1600, que corrixe erros da primeira, pero introduce outros; en conxunto, o texto da primeira é o máis fiable e autorizado.

UDC Rústica 17 x 24 cm 264 páxinas
ISBN: 978-84-9749-788-6
19 €



James Joyce Dublínese

En tradución de María Alonso Seisdedos. James Joyce (Dublín, 1882-Zürich, 1941) publicou *Dublínese* en 1914. Unha colección de quince relatos escritos dun xeito realista nos que se retrata a clase media de Dublín e arredores durante os primeiros anos do século XX. No momento en que o autor escribe estas narracións, o nacionalismo irlandés e a súa defensa da identidade nacional estaban en plena efervescencia.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 252 páxinas
ISBN: 978-84-9151-799-3
17,10 €

Xosé Manuel Martínez Oca





Tres en raia

Tres en raia é a metáfora que tres mozos ourensáns utilizan para selar unha amizade que se propoñen perpetuar no futuro. Despois de décadas de separación, a enfermidade de Guillermo propicia o reencontro con Antonio e Gabriel e o punto de partida para achegar a historia da súa amizade nun Ourense convertido tamén en personaxe. É o relato dun tempo feliz naquela cidade, de aprendizaxe á vida, de lecturas en común que permanecen no recordo e que co tempo se relacionan cos seus particulares devires existenciais. Tamén un relato dunha evolución vital na que a insatisfacción, marcada por unha culpa que, como un crime, non chegan a esquecer nin a resolver, vai ser o resultado das súas particulares condenas.

Baía Rústica
14 × 21 cm 256 páxinas
ISBN: 978-84-9995-385-4
15,75 €

Xosé Manuel Martínez Oca Outono na illa


Biblos Cartonado
16 × 22 cm 144 páxinas
ISBN: 84-933327-7-1
12 €



Isabelle Eberhardt Siluetas na area (relatos)

Estes relatos de Isabelle Eberhardt non son notas de viaxe nin diarios, senón que teñen un compoñente ficcional. Eberhardt traza siluetas de homes pasionais –mesmo violentos– e mulleres submisas, mais uns e outras silandeiros, discretos, soñadores, hospitalarios e, por riba de todo, temerosos de Deus. Fronte a eles, as siluetas altivas dos seus colonizadores. Para os alxerianos, os relatos de Eberhardt son unha fonte de información sobre os usos e costumes de comezos do século XX, dado que a autoridade colonial se encargaba de anular todo vestixio da súa acción. A autora (Suíza, 1877) achega Occidente e o mundo árabe, ao transmitir con valentía ideas fermosas e avanzadas para o seu tempo, que non foron recoñecidas ata máis tarde. Tradución do francés, introdución e notas de Fernando Domènech Rey.

Rinoceronte Rústica
14,5 × 22 cm 250 páxinas
ISBN: 978-84-17388-75-1
19 €




Aki Shimazaki Azami

Mitsuo Kawano traballa como editor nunha publicación cultural mentres espera fundar a súa propia revista de Historia. Aos seus 35 anos hai tempo que deixou de ter relacións sexuais coa súa parella e frecuenta salóns eróticos. Un día crúzase con Gorô Kida, un excompañeiro que se converteu no presidente dunha importante empresa, e con el asiste a un selecto club

onde atopa unha antiga amiga da escola, a misteriosa Mitsuko, o seu primeiro amor. O encontro con Mitsuko, a quen chama Azami, coma a flor do cardo, esperta nel unha paixón inesperada e revive os seus desexos de xuventude. A tradución dende o francés é de Sergio Gómez Blanco.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21 cm 120 páxinas
ISBN: 978-84-17388-70-6
15,20 €



Kopano Matlwa Dor menstrual

Masechaba consegue exercer a Medicina, o seu soño da infancia. Porén, axiña se enfronta á realidade de traballar nun hospital sen apenas recursos. Á vez que trata de aliviar a dor allea, a protagonista ten que vencer os seus propios demos: as fortes dores menstruais, o dolo polo suicidio do seu irmán e as presións dunha

nai profundamente relixiosa, que trata de afastala da súa única amiga, a combativa Nyasha. Traducida do inglés por Moisés Barcia.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 152 páxinas
ISBN: 978-84-17388-71-3
16,05 €




Charlotte Delbo Ningún de nós ha volver

En xaneiro de 1943, dúascentas corenta mulleres, a maioría delas comprometidas coa Resistencia, foron transportadas nun vagón de gando dende Francia ao campo de concentración de Auschwitz. Só regresaron corenta e nove, unha delas Charlotte Delbo. Pouco

despois da súa liberación en abril de 1945, reconstruíu o seu recordo a partir de instantáneas daqueles días. O seu relato plasma, dunha forma poética, a voz daquelas mulleres desposuídas de identidade que souberon sosterse as unhas ás outras. Delbo gardou este testemuño durante vinte anos antes de decidirse a publicalo. A tradución é de Sergio Gómez Blanco.

Rinoceronte Rústica
13,5 × 21,5 cm 138 páxinas
ISBN 978-84-17388-77-5
15,20 €



O Hematocrítico Gaivota gourmet

Á gaivota Mori encántalle comer sempre no mesmo restaurante: o patio do cole! Un conto de humor sobre como nos alimentamos. Ilustrado por Alberto Vázquez.

Xerais Cartonado 16 x 16 cm 24 páxinas

ISBN: 978-84-1110-074-8

11 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Carmen Gil

A princesa que bocexaba a todas horas

Un relato divertido, sinxelo e eficaz que, con acento poético, tira proveito da linguaxe e salienta o valor da amizade cunha mensaxe clara e directa: nin bólas de xeadro, nin colchóns de pluma, nin elefantos amarelos alegran o corazón das princesas tanto como un bo amigo ou amiga. Un conto para aprender a recoñecer os valores e a gozar plenamente da infancia. As ilustracións de Elena Odriozola presentan un trazo delicado e intimista, sutil tanto no nivel técnico como no nivel conceptual.

OQO Cartonado 25 x 23 cm 36 páxinas


ISBN: 978-84-9871-649-8

En castelán:

La princesa que bostezaba a todas horas

ISBN: 978-84-9871-648-1

14,90 €



Pep Bruno

Pétala

Un día Pétala vai regar as plantas e descobre que non hai auga. Disposta a coñecer o motivo, voa ata as nubes e atopa un tremendo dragón que se apoderou da casa da chuvia. Un álbum moi visual que ao fin da acción e desde unha perspectiva fantástica, trata transversalmente o problema da escaseza de auga, un recurso esencial para a vida e a conservación do medio. Ilustra Luciano Lozano.

OQO Cartonado 25 x 23 cm 36 páxinas

ISBN: 978-84-9871-651-1

En castelán:

Pétala

ISBN: 978-84-9871-650-4

14,90 €



Pilar Serrano Burgos A nota

Eva sempre saía da casa ás prásas para chegar a tempo ao colexio. Ao sacar os seus cadernos da mochila, caeu ao chan unha nota. Eva leuna e púxo a enriba do estoxo do seu compañeiro Xosé... Unha nota de contido descoñecido vai pasando dunha persoa a outra e, nese constante cambio de mans, permite coñecer o barrio onde transcorre esta emocionante e divertida historia (edificios, rúas, a escola, o médico, o parque, o subsolo), os seus habitantes (nenos, nais, anciáns, traballadores de diferentes oficios) e distintas formas nas que a nota vai compartindo e espallando a súa intrigante mensaxe. Libro de formato despregable no que as ilustracións de Daniel Montero Galán amplifican o texto de Pilar Serrano.

Kalandraka Cartonado 18 x 30 cm 40 páxinas


ISBN: 978-84-1343-136-9

En castelán:

La nota

ISBN: 978-84-1343-137-6

15 €



Raquel Saiz

Nariz de ouro

O protagonista é un neno moi serio ao que non lle chista que lle chamen Eduardiño, nin sequera Edu. Pero, por suposto, na escola, todos lle chaman así e, ademais, rinse do seu nariz. Vivir cun nariz enorme polo que hai que pagar dous asentos no autobús non é nada sinxelo. O neno conta co apoio incondicional da súa nai, que todas as noites lle le "O patino feo". A quen lle importa non ser un cisne? O relato reivindica con humor o dereito a ser imperfecto e reflexiona sobre a importancia da autoestima na consolidación da personalidade dos máis pequenos. Juliana Bollini ilustra o álbum.

OQO Cartonado 25 x 23 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-9871-228-5

En castelán:

Nariz de oro

ISBN: 978-84-9871-229-2

14,90 €



Pablo Albo

O cascabel da gata

Unha mañá, a gata Benita espertou sobresaltada ao oír que a señora Xulia chamaba por ela. Benita ergueuse pero, ao empezar a camiñar, descobre que non soa o clinclín, e decátase de que perdeu o cascabel. Dá comezo a procura apresurada do cascabel por parte desta gata tenra que teme quedarse sen sardiñas por mor deste extravío. Benita volve sobre os seus pasos, e o percorrido permite coñecer outros habitantes da casa supostamente inanimados (o sofá, a escoba, a mesa), que, neste conto falan e ofrecen información chave para chegar ata o obxecto perdido. Ilustrado por Raúl Nieto Guridi.

OQO Cartonado 25 x 23 cm 36 páxinas


ISBN: 978-84-9871-447-0

En castelán:

El cascabel de la gata

ISBN: 978-84-9871-449-4

14,90 €



Leo Lionni

Unha cor propia

Camaleón tiña un problema: a diferenza dos outros animais, carecía dunha cor propia. Cambiaba onde queira que fose, volvíase vermello entre as follas no outono e negro nas longas noites de inverno. Pero na primavera, entre a herba verde, atopou unha marabillosa solución. Unha fábula contemporánea para primeiros lectores que invita ao autocoñecemento, a superar inseguridades, e que revela a importancia da amizade e da comunicación. As ilustracións sinxelas, con estampacións e manchas de cor, animan os pequenos e os maiores a crear. A tradución é de Xosé Manuel González.

Kalandraka Cartonado 22 x 22 cm 40 páxinas


ISBN: 978-84-13431-46-8

14 €

En castelán:

Su propio color

ISBN: ISBN: 978-84-1343-147-5



Olivier Douzou


Rizos de ouro e os tres osos

Unha versión moderna e innovadora do conto clásico *Riños de Ouro e os tres osos*. Os personaxes, reducidos ao seu signo distintivo máis simple, están representados por números ou elementos tipográficos: o 0 amarelo é Rizos de Ouro; o 1, un paxaro carpinteiro; o 3 deitado, as orellas dos osos... Un álbum cargado de humor e creatividade que estimula a participación e imaxinación de lectores e lectoras. A tradución é de Xosé Ballesteros.

Kalandraka Cartonado 20 x 28 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-13431-41-3

15 €



Eva Mejuto

Cando leo

Todo é posible cando quen está a ler se deixa levar polas páxinas dun libro. Tamén o imposible. Eva Mejuto e a ilustradora Bea Gregores unen os seus talentos creativos para render unha intensa e emotiva homenaxe á lectura e ao seu poder para transformar o mundo.

Xerais Rústica 19,7 x 22 cm 40 páxinas

ISBN: 978-84-1110-073-1

14,50 €



Aurora Ruá


O meu amigo do parque

Moitas persoas gardan historias extraordinarias. O meu amigo do parque, por exemplo. Só hai que prestar atención e saber escoitalas. Ilustrado por Mr. Danga.

Galaxia Cartonado 24 x 21 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-9151-794-8

15,20 €



Kike Gómez

Un mundo sen luz

Certo día, sen previo aviso, a luz esfumouse, aínda que ningún semellaba decatarse do que acontecera. As semanas sucedíanse sen que a xente a botase de menos, mais as cousas estaban por cambiar. Apagárase o Sol! Haberá que saber quen pode arranzalo. Ilustracións de Antonio Seijas.

Galaxia Cartonado 24 x 21 cm 24 páxinas

ISBN 978-84-9151-793-1

15,20 €



Isabel Blanco

Rosaura e o mar

Da man de Rosaura, traballadora do mar, coñeceremos detalles sobre a pesca, o marisqueo, os arranxos de redes, a venda nas lonxas, o traballo nas conserveiras... e ata será posible escoitar o canto das baleas. Un libro ilustrado por Luz Beloso que achega o día a día das traballadoras do mar, pon en valor o importante papel que xogan as mulleres no sector extractivo e industrial da pesca e fala da importancia socioeconómica do mesmo no contexto de Galicia. Ilustrado por Luz Beloso.

Belagua Rústica 15 x 24 cm 32 páxinas

ISBN: 978-84-946959-5-7

12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Ledicia Costas




PREMIO MERLÍN
DE LITERATURA
INFANTIL 2021



O neno de lume

Morgan é un neno peculiar. De bebé apareceu nunha cesta diante da casa da señora Culpepper xunto cunha nota que dicía: "Lévenme máis alá da néboa. Busquen a casa das tres irmás e díganlles que son o neno de lume". Sobre o seu ombro dereito sempre vai Luminaria, unha pequena chama que só el pode ver e coa que pode falar. Unha mañá, a cidade aparece cuberta por unha mesta néboa que non dá levantado. Sen rastro do sol, Luminaria vaixe apagando devagar. A señora Culpepper lembra a nota que traía Morgan, e o neno prepárase para iniciar unha viaxe máis alá da néboa. Só se atopan a casa das tres irmás Luminaria poderá sobrevivir. O que non imaxinan é quen son en realidade esas tres mulleres. Un novo universo literario de Ledicia Costas con aroma a conto clásico.


Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 168 páxinas
ISBN: 978-84-1110-084-7
12,70 €



Estefanía Padullés Un mundo para Maruxa

Unha mañá, o barco pesqueiro do pai de Iria trae ao porto a Maruxa, unha londra que ten que ser atendida no Centro de Recuperación de Fauna Silvestre. Iria descubrirá entón o perigo dos plásticos para os animais mariños e o seu impacto medioambiental nos océanos, polo que porá en marcha un plan para salvar o planeta. Con ilustracións da autora.

Belagua Rústica
17 x 24 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-121433-0-0
14 €



Miguel Ángel Alonso Diz Piratas no recreo

Piratas no recreo aborda con naturalidade o tema trans. A forza dos versos e das imaxes busca elevar unha mensaxe de respecto á diversidade para incidir en que todas as persoas somos diferentes, únicas. Ilustra Luz Beloso.

Belagua Rústica
23 x 23 cm 28 páxinas
ISBN: 978-84-946959-9-5
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Rosa Aneiros



Catro plumas de dinosauro

Xoel é un apaixonado dos dinosauros. Durante a excursión do cole ás Fragas do Eume está convencido de que ha atopar unha porta secreta que lle permitirá coñecer restos do Cretáceo. Trabúcase. A porta secreta da que lle falou a vella Monegunda existe, mais do outro lado non hai fósiles senón dinosauros de carne e óso! Aí dará comezo unha extraordinaria aventura na que deberá fuxir das gadoupas de diplodocus, triceratops ou pteranodons grazas á axuda de Diana, Matilde e un convidado inesperado: o fedello de Carlos, o máis malote da escola. Os catro descubrirán a importancia e a fortaleza da manda ao invocar o seu berro de guerra: Belcebú, cómemme o cul!

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 176 páxinas
ISBN: 978-84-1110-075-5
12,50 €



Carlos López Fortunato quiere ir a lú

Desde neno, Fortunato desexara ir á Lúa. Calquera outro resignárase a non poder pisala nunca, pero Fortunato non. As ilustracións son de Óscar Villán.

Galaxia Cartonado
24 x 21 cm 28 páxinas
ISBN: 978-84-9151-791-7
15,20 €



Curros Enríquez O maio

Un clásico da literatura galega que chega agora como álbum ilustrado. Blanca Millán converte o poema de Curros nunha festa visual delicada, chea de lirismo e pracer estético.

Galaxia Rústica
24 x 21 cm 32 páxinas
ISBN: 978-84-9151-792-4
15,20 €

Á VENDA
EN ABRIL




María Antonia Quesada O segredo de Caaveiro

Que segredo gardan as fragas do Eume? Que aconteceu ali hai douscentos anos? Paloma, Paula e mais o seu curmán Alex van pasar as vacacións xunto da súa amiga Uxia, filla dun mariñeiro da aldea de Redes (A Coruña). Teñen pensado facer excursións e ir á praia, mais o verán será moi distinto a como os catro imaxinaban. A familia de Uxia fai fronte a unha grave dificultade pola que os seus veciños se puxeron a mal con eles. Mentres pensan como poderían axudar a Uxia, os nenos atopan nunha antiga biblioteca un libro cunha estraña mensaxe de auxilio que os levará ata as fragas do Eume. Na súa pescuda farán unha viaxe extraordinaria polo tempo e coñecerán a terribel historia das persoas que viviron na casa de Montenegro, onde eles veranean cos seus avós. Quen foron perseguidos no pasado seica poden dar saída ós problemas da familia de Uxia.

Baía Rústica
13 x 19 cm 200 páxinas

ISBN: 978-84-9995-387-8
13 €



Alberto Hontoria Maceín e Nuria Díaz

Defectos monstruosos

Se fose posible pór en ringleira todos os rapaces que hai no mundo e ordenalos segundo o seu comportamento, é dicir, situando primeiro os máis obedientes e colocando ao final os máis revoltosos, Milo ocuparía sen dúbida o derradeiro lugar. Todas as persoas que o coñecían opinaban o mesmo: Milo era un enfado con patas, un volcán ameazando decote con entrar en erupción.

Hércules Cartonado
14 x 21 cm 88 páxinas

ISBN: 978-84-18966-39-2
14 €

En castelán:

Defectos monstruosos

ISBN: 978-84-18966-38-5

Berta Dávila



PREMIO JULES VERNE
DE LITERATURA
XUVENIL 2021

Un elefante na sala de estar

A morte por suicidio de Rosa acontece unha mañá de outono, mentres o seu home está no traballo e os seus fillos adolescentes acoden ao instituto como un día calquera. Na súa ausencia, as voces das persoas que a querían contan quen era. O papel que cada unha delas xoga na vida de Rosa, as contradicións íntimas e os diferentes xeitos de afrontar a dor, a culpa e o estigma

social durante o proceso de loito, son os círculos arredor dos que xira unha novela que fala, por riba de todo, da supervivencia. Cun estilo limpo e delicado, de lectura doada e emotiva, *Un elefante na sala de estar* pon sobre a mesa a problemática do suicidio, que é xa a primeira causa de morte non natural entre a poboación adulta e moza, para combater os mitos e o silenciamento.

Xerais Rústica 13 x 21 cm 140 páxinas

ISBN: 978-84-1110-086-1
12,95 €



Alfonso Blanco A vida na Grecia clásica

A vida na Grecia clásica é unha porta de entrada á civilización que, xunto coa romana, está na base da nosa cultura. A historia da arte, da ciencia, do pensamento ou das formas políticas non se pode entender sen coñecer e apreciar as achegas dos gregos antigos. Este libro fala de como era o seu día a día, as súas escolas, que comían e bebían, como vestían, como se entretían. As ilustracións son de Jorge Campos.

Xerais Rústica
14 x 20 cm 96 páxinas

ISBN: 978-84-1110-089-2
12,50 €




Miguel Ángel Alonso Diz Instrucións para ler este libro

Orixinal homenaxe aos personaxes da mitoloxía fantástica galega, en perigo de extinción. Con ilustracións de Luz Beloso.

Xerais Rústica
13,5 x 19 cm 160 páxinas

ISBN: 978-84-1110-088-5
11,95 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €




Marcos Calveiro Curros & Holmes No misterio d'o Kapital

Corre o derradeiro terzo do século XIX e Karl Marx escribe, na biblioteca do British Museum, a segunda parte da súa obra máis senlleira, *O Kapital*, cando lle rouban parte do manuscrito. Un novio e espelido Sherlock Holmes, acompañado do poeta Curros Enríquez, un mozote acabado de chegar ao Reino Unido tras a súa fuxida de Galicia, onde esperaba atopar un mundo novo de progreso e cultura, empregarán todas as súas habelencias para resolver este misterio que os levará, nunha apaixonante aventura, polas perigosas e misteriosas rúas do Londres vitoriano.

Galaxia Rústica
122 páxinas

ISBN: 978-84-9151-802-0
12,30 €



Alejandro Palomas Un segredo


Nazia é a mellor amiga de Guille. Antes vivía no supermercado paquistaní do barrio cos seus pais e o seu irmán maior, pero por unha situación familiar difícil agora estará con el e co seu pai Manuel durante un tempo. Garda un segredo que non lle pode contar a ninguén, porque así llo pediu a súa nai, a non ser a Guille, que é coma o seu irmán. *Un segredo* retoma os personaxes de *Un fillo*, aos que se engaden algúns máis, para a achega, cunha prosa sinxela e tenra, temas complicados como o acoso, os matrimonios de conveniencia e as dificultades da vida vistas desde a perspectiva dos nenos. En tradución de Mercedes Pacheco.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 232 páxinas

ISBN: 978-84-9151-789-4
15,15 €

Cesáreo Sánchez Iglesias

Arancha Nogueira



Domingo Tabuyo Romero


Sentirte é, acaso, o mellor lugar para renderse

"Sentirte é, acaso, o mellor lugar para renderse" fórmase como proposta e como conclusión, plenas de significado. A primeira, e fundamental, de tipo sensitivo: "Sentir" é roce, aspeza ou suavidade, calidez ou cebrina se atendemos ao tacto; escoita e atención se nos referimos ao ouvido; dor ou gozo se nos remontamos ao plano emocional. Calquera que sexa a sensación finalmente devén nun "percibir consciente", nun ir sen regreso, nun interrogante que non agarda resposta. Porque a resposta xa vai implícita na pregunta...." Extracto do prólogo de Xulio López Valcárcel.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 70 páxinas

ISBN: 978-84-124948-7-7
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Á VENDA EN ABRIL


A árbore que dá as lágrimas de Shiva

"A árbore que dá as lágrimas de Shiva" nace da desposesión, de desaprender. Na visión do sagrado é templo a árbore, a pedra pintada, a máis delicada alfaia mogol. O poeta vive dentro de si o intemporal humano. Sente o desamparo dos "invisíbeis", vulnerado pola súa mirada até ferilo e facelo sangrar. Desde o interior da linguaxe que lle nace do propio idioma, nomea o que permanece, achégase ás deusas que vencen a ignorancia co coñecemento e descobre a estarrecedora beleza e o continuo esgazamento de lugares onde o humano pode desaparecer na infinita crueldade do patriarcado.

Xerais Rústica 14,5 x 22 cm 280 páxinas

ISBN: 978-84-1110-092-2

17,05 €



PREMIO VICTORIANO TAIBO 2021

Antese

Dúas mulleres, nai e filla. Un lugar: o xardín. Unha condición: o crecemento. Unha pexa: o vencello que é ligadura. A partir de situacións cotiás, cunha poética baseada na linguaxe coloquial e nos símbolos dos medios dixitais, na música e na evocación de imaxes, Arancha Nogueira fai presente a circunstancia principal da vida: o acceso á liberdade. O paralelismo entre a idea de natureza como xardín e a poesía como cultivo da linguaxe; a metáfora, aquí renovada, do abrollar como un *rebentar* emancipatorio, a arte como medio de liberación son algúns dos temas que outorgan a este poemario a levidade e a fondura dunha flor. Arancha Nogueira (Ourense, 1989) é autora dos poemarios *Andar descalza* (Premio Francisco Añón 2013), *O único lugar onde ficar inmóbil* (2018), *#hashtags para un espazo/confinamento agónico* (2019) e *Dente de leite* (Premio Johán Carballeira 2019).

Galaxia Rústica 12,5 x 22 cm 84 páxinas

ISBN: 978-84-9151-787-0

11,85 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Manel Monteagudo

Labirinto de soños

Segundo libro de poemas dun autor que conecta coa rica literatura de tradición mariñeira en Galicia. Nestas páxinas hai tamén lugar para o amor, para o desexo, e unha certa desesperanza que engancha cos difíciles tempos que nos abouran. Un raio de esperanza latexa nos seus versos.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 70 páxinas

ISBN: 978-84-124948-8-4

14,90 €



VV. AA.

Amor en carne viva

Vinte e catro autoras e dezanove autores de procedencias diversas, sen loitas rancias co pasado e si con certa efusividade co presente, sen presumir, acenden unha vela ao sentimento do amor. Amor a persoas, a animais, a paisaxes, a proxectos artísticos, aos espellos sen puír, á xenerosidade co gusto, aos praceres elegantes e serenos, amor ao amor.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 256 páxinas

ISBN: 978-84-124948-4-6
17 €



Moncho Bouzas

Argonauta

Extracto do prólogo de Antón Guizán: "Se a poesía é a expresión máis persoal do noso ser, a poesía do Argonauta é Moncho e a súa vida, das ideas ás emocións, das alegrías ás penurias, ese andar, esa viaxe pola vida, o mar, á procura do Velocino, porque o noso poeta é capaz de apresar as cousas boas que vai topando e valorar o que verdadeiramente paga a pena."

Medulia Rústica
14 x 21 cm 70 páxinas

ISBN: 978-84-124948-5-3
14,90 €




VV. AA.

Poetas na cociña II

"Conforta, por tanto, que un grupo de poetas que a cotío ofrecen o alimento espiritual dos seus versos, acollan a iniciativa de Carlos Abeledo e colaboren, solidarios, co produto da venda deste libro a aliviar as carencias dos máis necesitados, vulnerables e desvalidos. Na mesma achega levan a recompensa." Extracto do prólogo de Xulio López Valcárcel.

Medulia Rústica
14 x 21 cm 110 páxinas

ISBN: 978-84-124948-0-8
14,90 €



María Álvarez Landesa

Como dúas crebas

Unha voz sensual e feminina expresa de xeito transparente o feixe de emocións que esperta o encontro amoroso. Unha poesía doce e intensa a un tempo, da que abrolla un erotismo pausado en equilibrio coa expresión inocente e desbordada do sentir máis íntimo.

Medulia Rústica
20 x 20 cm 50 páxinas

ISBN: 978-84-124948-3-9
11,90 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Xosé Estévez López


Estás aí?

E o amor foi morrendo e non soubemos ou non puídemos, ou non quixemos, facer nada por mantelo con vida. E vivindo no silencio que inventamos nos nosos encantos de cuncha anacurada, aprendemos a non dar explicacións.

Toxosoutos Rústica
11,5 x 16,5 cm 50 páxinas

ISBN: 978-84-124910-2-9
10 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €



Luís Valle

Alianza

Unha viaxe cara á sorpresa e o descoñecido na que cómpre ter os sentidos acesos. Un decurso persoal no que un intre pode durar eternamente na contemplación da fermosura. Todo ganduxado con fios de superación, de alianza, cos que esta proposta cose, con delicadeza extrema, as dúas faces do amor.


Barbantesa Rústica
14 x 20,5 cm 72 páxinas

ISBN: 978-84-945501-5-7
12 €

Á venda só en pedido conxunto por importe superior a 12 €

Florencio Delgado Gurriarán

Seguen a publicarse novas obras que achegan a vida e a obra de Florencio Delgado Gurriarán (1903-1987) abrindo camiño para a celebración do Día Das Letras Galegas que a Real Academia Galega decidiu dedicarlle neste ano 2022. Destacado poeta, tamén articulista, crítico literario, coordinador editorial, lexicógrafo, tradutor, corrector...



Florencio Delgado Gurriarán Bebedeira

Publicado en 1934 na editorial Nós, recolle trinta e dous poemas dos que algúns deles xa viran a luz en revistas e xornais. As árbores, as plantas e a paisaxe adquiren características de personaxe central en poesías de corte sensorial evocadoras da cosmogonía valdeorresa.


Galaxia Rústica
13,5 x 19 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-9151-784-9
12,75 €



Florencio Delgado Gurriarán O soño do guieiro

En homenaxe ao seu amigo e compañeiro político Castelao, Delgado Gurriarán recolle nesta obra poemas de corte social e reivindicativo publicados durante a República, a guerra e o exilio. Indica que son: "a miña resposta a certos aconteceres deste século noso que xa anda nas encollas; son a expresión do meu reaxir de home galeguista, democrata e liberal, amigo da España e da Galiza renascentes -amizades perfectamente compatíbeis- e adversario decidido das ditaduras dereitistas ou esquerdistas".

Galaxia Rústica
13,5 x 19 cm 92 páxinas
ISBN: 978-84-9151-786-3
15 €



Ricardo Gurriarán Florencio Delgado Gurriarán

Vida e obra dun poeta valdeorrés republicano e galeguista

Percorrido pola vida e obra dun valdeorrés moderno e cosmopolita cuxa incipiente carreira poética truncou a Guerra Civil e a mutilación das liberdades polas que tanto loitara. Esta obra foi editada por Edicións do Castro en 1999. A presente edición incorpora achegamentos críticos e eruditos posteriores, así como un texto recente de Ricardo Gurriarán.

Galaxia Rústica
16 x 22 cm 412 páxinas
ISBN: 978-84-9151-782-5
24,22 €



Xesús Alonso Montero Florencio Delgado Gurriarán

Poeta na terra, na guerra e no exilio

Antoloxía poética

Delgado Gurriarán cantou coa súa poética a paisaxe e os froitos báquicos de Valdeorras, e desde a súa preocupación polo idioma tamén se debrozou sobre el para compoñer unha serie de sentidos poemas sociolingüísticos, insólitos no seu tempo, á vez que cultivou a sátira e os poemas elexíacos.

Galaxia Rústica
13,5 x 19 cm 308 páxinas
ISBN 978-84-9151-790-0


18,90 €



Florencio Delgado Gurriarán Obra poética

Inserido nas coordenadas da vangarda enxebre, Delgado Gurriarán é autor dunha poesía bastante descoñecida. Esta rigorosa edición recompila toda a produción lírica coñecida do autor valdeorrés, estivo ao coidado do profesor e crítico Xosé Ramón Pena, que leva a termo unha ampla e minuciosa análise da obra de Delgado Gurriarán, así como da fixación dos textos.

Xerais Cartonado
14,5 x 22 cm 440 páxinas
ISBN: 978-84-1110-060-1
18,95 €




Miro Villar Florencio Delgado Gurriarán Vida e obra dun poeta no exilio mexicano

Un libro divulgativo, unha obra de urxencia sobre a vida e a obra do autor das Letras Galegas 2022, que ofrece a posibilidade de achegármonos á súa figura e labor e de traballar o tema nos centros escolares cunha guía fiable.

Xerais Cartonado
13 x 20 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-1110-047-2
9,95 €


Á venda só en pedido por importe conxunto superior a 12 €



Héctor Cajaraville Florencio Delgado Gurriarán Polos vieiros da saudade

Obra de carácter xuvenil, dónos a coñecer o autor valdeorrés, obrigado a coller o camiño do exilio tras o golpe de estado de 1936. Algúns dos proxectos que encabezou tomaron forma de publicación periódica, como as revistas *Saudade* e *Vieiros*. Nunha época en que a cultura galega se desenvolveu con máis vigor fóra ca dentro das súas fronteiras.

Xerais Cartonado
13,5 x 19 cm 96 páxinas
ISBN: 978-84-1110-045-8
12,50 €



Lucía Gómez Álvarez Florencio Manuel Delgado Gurriarán Un legado infindo

Publicado na colección "Lectura Fácil" que naceu coa idea de que todo o mundo poida ler. Válese de pictogramas que axudan a entender as historias e os poemas. A vida de Florencio Manuel Delgado Gurriarán, a quen se dedica o Día das Letras 2022, ao alcance de todas e de todos. Con ilustracións da autora.

Galaxia Rústica
21 x 24 cm 36 páxinas
ISBN: 978-84-9151-745-0
15,20 €

Luz sobre o reino medieval de Galicia



Isabel Ríos Lazcano


Testemuño da Guerra Civil

Despois de fuxir de golpes militares en España, na Argentina e Chile, Isabel deixa constancia no seu libro das tres grandes traicións que marcaron a súa vida: a dos militares que derrocaron a República española, a dos Aliados que non interviñeron contra Franco tras a Segunda Guerra Mundial, e a que para ela supuxo a transición á democracia tras a morte de Franco. A súa expulsión do PCE non lle dá máis importancia que á da vinganza duns dirixentes mediocres e burocratizados. Isabel morreu botando en falta Galicia e convencida de que, de volver nacer, faría o mesmo.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 374 páxinas
ISBN: 978-84-9151-763-4
23,75 €



Foto: Eduardo Castro Bal



Francisco Rodríguez

Unha etapa estelar e conflitiva de Galiza

Tomo I


A relevancia do reino galego medieval

Libro de historia que pretende superar cualitativamente a visión limitada, parcial e sesgada sobre unha etapa doutrada de Galicia que vai dende o século VIII ata a primeira metade do XIV. "Unha das nosas intencións fundamentais –di o autor– foi revelar feitos agochados, esclarecer mellor sucesos coñecidos e explicar o seu sentido, a súa orientación no contexto no que se produciron, e algunhas veces tamén como determinaron o noso futuro". Francisco Rodríguez desmonta a operación de ocultación que secularmente obviou a existencia do reino de Galicia e o seu peso político no conxunto dos reinos occidentais peninsulares na Idade Media. A segunda metade do século XIV será obxecto de atención nun segundo e novo volume da obra.

AS-PG Cartonado 16,5 × 22 cm 540 páxinas

ISBN: 978-84-949659-4-4

25,65 €



Santiago Rodríguez Salinas


Illote P Barraca 16

O autor ingresou na Fronte do Exército Popular, co que participou nas batallas de Teruel e do Ebro. En febreiro de 1939 pasou a Francia e entrou nos campos de concentración. Ao seu regreso a España foi ingresado en diversos campos, para logo realizar seis meses de servizo militar en Canarias. Rematou instalándose en Rondela coa súa nai, Antonia Rodríguez Salinas, profesora republicana que foi represaliada, e que coidou do seu compañeiro Alberto Marín Alcalde, preso na illa de San Simón. Rodríguez Salinas achéganos á vida neses campos de concentración onde coñeceu e viviu os feitos que se narran, todos reais.

Galaxia Rústica
13,5 × 21 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-9151-747-4

20,33 €




Xosé Álvarez Castro

Os anos do silencio

Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936-1951)

Análise das características e modulacións que adoptaron a represión e a resistencia no chamado "primeiro franquismo". A represión contra a oposición política, a represión económica, a sufrida polas mulleres e a efectuada contra a masonería teñen un tratamento especial. Afóndase tamén na resistencia contra o Réxime, tanto a través das organizacións políticas clandestinas como da guerrilla, así como as estratexias das autoridades franquistas para combatelas. Adoptando un tratamento crítico e rigoroso das variadas fontes documentais, o libro presenta un enfoque didáctico e divulgativo.

Xerais Rústica
14,5 × 22 cm 504 páxinas
ISBN: 978-84-1110-033-5
24,22 €




Roberto Mera Covas

Alejandro Viana

Un galego á fronte do rescate dos refuxiados republicanos

Roberto Mera narra a odisea iniciada o 18 de xullo de 1936 polo seu tío bisavó e recupera a proeza dun home íntegro e entregado aos demais. Na Europa ocupada polos nazis miles de exiliados republicanos españois devían por chegar a América para salvar as súas vidas. Entre eles, Alejandro Viana Esperón (Ponteareas, 1877 - México DF, 1952), deputado republicano de esquerdas. Organizou a saída de miles de refuxiados nunha trinta de expedicións marítimas a distintos países de América, na súa maioría a México. Cos alemáns en Francia, Viana arriscou a súa vida para continuar axudando os exiliados até que emprendeu en 1941 unha desesesperada fuxida a México.

Belagua Rústica
14,5 × 22 cm 260 páxinas
ISBN: 978-84-121433-8-6
19 €



Xoán Carlos Carreira Pérez

Historia de alguén chamado Xebranco

É a historia de Xebranco, do camiño vital que percorre, das súas arelas, desalentos e esperanzas. A través del o libro achega o funcionamento das organizacións nacionalistas galegas en Lugo. Sen ser unha crítica de carácter xeral a estas, alerta sobre o perigo que teñen de converterse en tóxicas se determinadas prácticas non son modificadas ou eliminadas. E tamén deixa no aire dous interrogantes sobre como se constrúe a imaxe das persoas e se a idea que temos dalgunhas delas corresponde verdadeiramente coa realidade.

Medulia Rústica
15 × 23 cm 192 páxinas
ISBN: 978-84-124948-6-0
17 €



Carlos Méixome Quinteiro

O terror nas tebras e outras catas na memoria

En media ducia de traballos refeitos dende as iniciais notas para a acción, regresa o autor ao Val de Miñor sometido ao terror desatado en xullo de 1936, mentres elabora unha crónica de tres lustros de intervención memorialista e abre o obxectivo a territorios lindeiros, como Tomiño, Mos ou o campo de Oia.

Laiovento Rústica
14 × 21 cm 416 páxinas
ISBN: 978-84-8487-563-5
23,70 €

A literatura como experiencia


Con esta obra dedicada a Cabanillas e Otero Pedrayo conclúe a publicación da viaxe de Manuel Castelao Mexuto pola literatura galega de Novecentos, que comezou co volume dedicado a Os eidos, de Novoneyra, e *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio, e continuou cos que tiveron por obxecto *De catro a catro*, de Manoel Antonio, e *O incerto señor don Hamlet*, de Cunqueiro. Todos eles compoñen a serie designada cun nome inequívoco: "Un modo de ler", pois do que se trata, en palabras de Castelao Mexuto, "é de reivindicar a literatura como experiencia onde se unen o gozo e a reflexión en feliz e incesante vaivén".

Manuel Castelao Mexuto


Cabanillas / Otero Pedrayo

Na noite estrelecida / Arredor de si

Todo o fulgor da época "Nós" fixo posíbel e resoa nas súas múltiples facetas en *Na noite estrelecida*, as "sagas" artúricas de Ramón Cabanillas. Tras percorrermos o seu proceso de devoración textual do pasado para o proxecto con valor reflexivo sobre o presente, adquire aínda máis pleno sentido *Arredor de si*. Nel, Ramón Otero Pedrayo creou unha estratexia narrativa da máxima ousadía, en ton co seu proxecto políptico-cultural, e deu á luz unha obra prima onde o ideolóxico e o literario conseguen fundirse con rara perfección, ao facer do seu narrador a voz onde a nosa Historia se dá sentido e inaugura o retorno da Galiza á consciencia de si, porta para o desenvolvemento da súa liberdade.



Laiovento Rústica
14 x 21 cm 358 páxinas
ISBN: 978-84-8487-559-8
23,70 €




Manuel Castelao Mexuto

Novoneyra / Celso Emilio

Os eidos/Longa noite de pedra

Estas obras caracterízanse pola tentativa de reconciliar a arte coa vida en formas con certeza diferentes: ora pola vía dunha converxencia entre o ser humano e a terra, ora pola tentativa de facer da poesía palabra social na perspectiva da emancipación, mais sempre co rigor creativo que evidencian as lecturas contidas neste volume.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 240 páxinas
ISBN: 978-84-8487-180-0
18,05 €



Manuel Castelao Mexuto

Manoel-Antonio

De catro a catro

Volume que quere facer accesíbel, intelixíbel e apaixonante *De catro a catro*, unha das obras maiores da vangarda peninsular do século XX. Percorre os poemas do libro na íntegra e inclúe achegas máis ensaísticas para arredondar a interpretación e permitir un xogo de ida e volta entre a lectura dos textos e a reflexión sobre o literario.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 350 páxinas
ISBN: 978-84-8487-183-5
23,75 €




Manuel Castelao Mexuto

Álvaro Cunqueiro

O incerto señor don Hamlet

O "¿e ti de quen vés sendo?", chave da identidade no noso mundo tradicional, nunca tivo sublimación artística de máis altura. Cunqueiro foi ao encontro de Shakespeare para elaborar esa pregunta e no *Don Hamlet* ficou unha vigorosísima alerta contra a autoconsciencia que nos ameaza como forma derradeira da agresión secularmente padecida.

Laiovento Rústica
17 x 21 cm 258 páxinas
ISBN: 978-84-8487-209-2
16,15 €




José María Paz Gago

Emilia Pardo Bazán e Galicia

O autor reafirma a condición galega da autora de *Los Pazos de Ulloa* e o seu compromiso irrenunciable con esta terra, que ela contribuíu a dar a coñecer en Europa e en América, e que non se cinxe só á súa cidade natal senón que abrangue Galicia enteira. Paz Gago menciona que Pardo Bazán chegou a recoñecer para Galicia a condición de nacionalidade, pero advertindo que o protonacionalismo rexionalista podía levar ao separatismo, que ela rexeitaba abertamente.

Hércules Cartonado
16,5 x 24 cm 248 páxinas
ISBN: 978-84-18966-3-6
22,80 €




Xesús Alonso Montero

Machado

Alonso Montero lembra que só o nome –o mero nome– de Antonio Machado provocaba aversión en España máis oficialista de 1940. Foi necesario que un falanxista culto, "liberal" e, daquela, con moito prestixio intelectual, escribise un prólogo para que se puidesen reeditar en 1941 as *Poesías completas*, volume que non incluía os poemas do período bélico (elegía a Lorca, soneto a Lister). Os falanxistas "liberais", deste xeito, evitaban que a España "vermella" do exilio monopolizase un nome tan glorioso.

Hércules Rústica
16,5 x 24 cm 264 páxinas
ISBN: 978-84-18966-27-9
18,90 €




López

Aproximación á esquiva figura de Celestino Carballeira

López debuxa a Celestino. Ou Celestino debuxa a López. E ambos os dous debúxannos a nós. Para deitar retranca e felicidade. Na mellor tradición do Castelao humorista. Unha proposta de humor intelixente.

Galaxia Cartonado
21 x 29,5 cm 80 páxinas
ISBN: 978-84-9151-794-8
19 €



Eduardo Blanco-Amor

Taracea marroquí 1935

Volume que recolle oito crónicas de Eduardo Blanco-Amor publicadas en 1935 no xornal *El Pueblo Gallego*, inspiradas na viaxe que fixo ao norte de África para visitar as cidades dos protectorados español e francés. Todas elas con interese e brillante prosa. En edición moi coidada, a cargo de Xosé Enrique Acuña. Inclúe 26 fotografías artísticas do propio autor. Este título abre unha nova colección nomeada EB-A Xornalismo e Fotografía.

Galaxia Cartonado
17,5 x 24,5 cm 144 páxinas
ISBN: 978-84-9151-774-0
20,42 €




Miguel Rodríguez Carnota Lingua, poder e adolescencia

O idioma galego esmorece entre a mocidade e cómpre preguntarse por que. Este libro de Miguel Rodríguez Carnota quere contribuír a desvelar as causas do declive. Parte dunha tese doutoral co mesmo título e é un estudo da biografía lingüística de dez rapazas e rapaces galegofalantes no medio lingüisticamente hostil dunha vila e un instituto de Galicia. Os seus relatos, radiografados a través de técnicas de análise do discurso, sitúannos enteiramente fóra do paradigma oficial do "bilingüismo harmónico". Hai ataques, padecementos, renuncias, resistencias, pequenos triunfos e amargas derrotas onde o que menos abunda é a "cordialidade lingüística" que habitualmente se proclama como emblema de Galicia. É dicir, na práctica existe unha incompreensible oposición a querer facer do galego unha lingua tan normal coma calquera outra.

Xerais Rústica 13 x 19 cm 1472 páxinas

ISBN: 978-84-11110-093-9

21,80 €




Carlos Taibo O feitiço das linguas

Com *O Feitiço das linguas*, Carlos Taibo mistura alhos com bugalhos, com elegancia e erudição, ao enleir sem dó o género literário da Autobiografía com o ramo da Linguística, num apaixonante relato contado com engenho e grandes doses de humor. Se, como arma a Linguística moderna, a lingua não é apenas um simples sistema de regras mas uma instituição sociocultural constitutiva da nossa identidade individual e coletiva, com certeza não há melhor modo de o materializar do que escrevendo um livro como este.

Através Capa mole 13 x 19 cm 176 páxinas

ISBN: 978-84-16545-65-0

13 €



Carlos Garrido O escándalo do léxico galego

"Com a presente obra divulgadora assumimos a tarefa de disseminar entre um largo público o conhecimento dos principais males que hoje afligem o sistema lexical galego e, portanto, que hoje prejudicam a personalidade e a funcionalidade da nossa lingua, na esperança de assim contribuímos para quebrar a espiral de silêncio que até agora tem impedido o efetivo reconhecimento desta problemática. A multisecular e ainda hoje persistente subordinação sociocultural da Galiza a respeito de Castela reflete-se de forma inequívoca no estado de profunda degradação que o léxico da lingua espontânea actual mostra". Da contracapa.

Laiovento Rústica 14 x 21 cm 498 páxinas

ISBN: 978-84-8487-557-4

33,20 €



Henrique Monteagudo O idioma galego baixo o franquismo

Da resistencia á normalización

O autor –profesor da Universidade de Santiago, membro da Real Academia Galega e director da revista Grial– dá continuidade á súa *Historia social da lingua galega*, e ofrece unha aproximación de conxunto ao período franquista. Nela analízase a política lingüística represiva exercida pola ditadura, consistente na imposición coactiva do castelán e na marxinação sistemática do galego, e aténdese ás dinámicas sociais que abocaron a un proceso de substitución masiva do galego.

Galaxia Rústica
17 x 24 cm páxinas

ISBN: 978-84-9151-771-9

28,50 €




Luísa Villalta O outro lado da música, a poesía

Foi publicado por primeira vez a finais dos anos noventa abeirado polo contexto da escrita poética e ensaística declaradamente musicais da súa autora, e cualificado no seu día como un convite a nos abismar "polos camiños da metáfora e das semifusas", conscientes de que "poucos ensaios hai tan acertados sobre a música e a poesía" (Lino Braxe). Neste douto e orixinal ensaio lévase a cabo unha relectura da historia da poesía galega procurando nesta a presenza substantiva da música, dende a Idade Media ata as Irmandades da Fala e a época Nós.

Galaxia Rústica
13,5 x 21 cm 192 páxinas

ISBN: 978-84-9151-750-4

19,71 €



Xesús Alonso Montero


Dicionario da nova literatura galega (86 voces responden un inquérito, 1969)

Este dicionario comezou a fraguarse a finais da década dos anos sesenta do pasado século a través dunha enquisa que o autor distribuíu entre as persoas do mundo literario galego que non tiñan obra publicada antes do ano 1936. Oitenta e seis persoas responderon aquelas preguntas que permiten coñecer multitude de datos biográficos e, ao tempo, deseñan as preocupacións e expectativas dun tempo moi concreto da historia literaria e cultural.

Xerais Rústica
14,50 x 22 cm 258 páxinas

ISBN: 978-84-9121-978-1

16,79 €



Xosé Manuel Sánchez Rei

O portugués esquecido


O galego e os dialectos portugueses setentrionais

Durante séculos, a oralidade popular das rexións setentrionais de Portugal conservou trazos fonéticos, gramaticais e lexicais que corresponden, na actualidade, a características diferenciadoras do galego a respecto do padrón lusitano. Os gramáticos, lexicógrafos e tratadistas da metrópole lisboeta combaterónas enerxicamente, mais nalgúns casos conseguiron sobrevivir. Este estudo afonda neses elementos lingüísticos considerados hoxe marcadamente galegos.

Laiovento Rústica
14 x 21 cm 618 páxinas

ISBN: 978-84-8487-537-6

37,95 €




Francisco Díaz-Fierros Viqueira O gran triángulo

Debut literario do profesor, académico e divulgador científico Francisco Díaz-Fierros Viqueira. É unha narración ficcionada das penalidades polas que pasaron os membros da expedición científica que serviría para definir o metro como sistema universal de medida entre 1806 e 1808. Estaba formada polos franceses Jean-Baptiste Biot e François Arago, e un dos máis fascinantes personaxes galegos de todos os tempos: o lalinense Xosé Rodríguez González, máis coñecido como o matemático Rodríguez.

Galaxia Rústica 12,5 x 21 cm 184 páxinas

ISBN: 978-84-9151-783-2

16,15 €



Joëlle Zask Zoocities

Animais salvaxes na cidade

Na primavera de 2020, os habitantes das vilas do mundo enteiro viron como raposos deambulaban polos xardíns de Londres, xabaris polas rúas de Berlín, leopardos en Bombai, coiotes en Nova York, canguros en Cambera... Os hábitats naturais destas criaturas degradáronse e resultan hostís para elas: contaminación, urbanización do terreno e extensión dos núcleos poboacionais, alteracións polo cambio climático... A filósofa social Joëlle Zask preguntábase se, no futuro, chegarán a formar parte da vida cotiá da sociedade. En tradución de Fernando Moreiras.

Faktoria K Rústica 15,5 x 23 cm 224 páxinas


ISBN: 978-84-19213-00-6

En castelán:

Zoocities. Animales salvajes en la ciudad

ISBN: 978-84-19213-01-3

17,10 €



Bas von Benda-Beckmann

Despois do Diario de Anne Frank

Millóns de persoas en todo o mundo leron *O diario de Anne Frank*, pero case ninguén coñece o que lles aconteceu despois á protagonista e aos demais habitantes da casa de atrás. Grazas a testemuñas orais de superviventes e amigos, documentos oficiais e outros diarios, Bas von Benda-Beckmann, historiador e investigador da Fundación Anne Frank, reconstrúe neste libro o que lles sucedeu a esas oito persoas logo do seu arresto o 4 de agosto de 1944. Un xeito de manter viva a memoria máis humana da traxedia.

Faktoria K Rústica 13,5 x 20,5 cm 390 páxinas

ISBN: 978-84-19213-02-0

19 €

En castelán:

Después del Diario de Anne Frank

ISBN: 978-84-19213-03-7



Vicente Blanco e Salvador Cidrás

Debuxar o mundo

Artistas plásticos e profesores da área de Expresión Plástica na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo (USC), os autores botan man da súa experiencia para examinar a práctica artística e educativa do debuxo. O libro recolle as propostas de debuxo froito da súa investigación en colaboración con escolas, familias e colectivos interesados en metodoloxías activas. Agrúpanse en catro apartados: volver debuxar, contar debuxando, xogar debuxando e concienciar debuxando. Todas elas comparten como característica favorecer a creación dun imaxinario e estilo persoal apartándose de respostas estereotipadas; e educar o sentido estético.

Galaxia Rústica
17 x 24 cm 172 páxinas

ISBN: 978-84-9151-767-2

15,67 €



Carlos Castelao A Universidade retratada

Jules David-Cavaz en Galicia (1882)

A localización no Arquivo Histórico Universitario de Santiago a comezos de 2021 de dez fotografías inéditas do ano 1882 está na orixe desta obra. Nas imaxes aparecen retratados varios grupos de catedráticos, estudantes e persoal da Universidade de Santiago, un achado de enorme valor documental e histórico que revela, por vez primeira, os rostros e as imaxes en grupo máis antigas das coñecidas ata agora desta Universidade.

Alvarellos Rústica
20 x 19 cm 132 páxinas

ISBN: 978-84-18567-15-5

22,80 €



José Miguel Valle

Ler para sentir mellor

